

- A Comunidade Educativa maniféstase aconfesional, ideoloxicamente neutral e renuncia a todo tipo de adoctrinamento mantendo unha actitude de respecto hacia as creencias de tódalas persoas, potenciando os valores de respecto e tolerancia.
- Tendo en conta o Contexto sociolinguístico utilizarase o castelán, aínda que se compromete na potenciación e promoción do Galego cara a súa Normalización.
- Consideramos a Cultura Popular un ben colectivo que debemos recuperar, desenvolver e transmitir.
- O Contorno físico e social supón un elemento fundamental onde desenvolve o proceso educativo.
- A escola xoga un papel activo na compensación das desigualdades.
- Considerando as desigualdades existentes avogamos por unha educación para a igualdade sen discriminación de sexos.
- O Centro considerase non só un lugar de encontro das diferencias (culturais, ritmos de aprendizaxe, intereses, estilos de traballo...), senón de respecto e de enriquecemento coas mesmas.
- Pretendemos una xestión plural, democrática, participativa de tódolos membros que compoñen a Comunidade Educativa, e aberta as organizacións e institucións que persigan os mesmo fins educativos.
- Partindo da diversidade metodolóxica existente, consideramos fundamental e propoñemos reflexionar sobre aqueles aspectos da metodoloxía (agrupamentos, organización dos contidos, organización do espacio e do tempo, materiais curriculares, tipo de actividades, papel do profesor/ra-alumno/a, clima escolar, atención a diversidade....) que esten orientados a favorecer o desenvolvemento integral da persoas, as súas aptitudes, o seu xuízo individual e crítico o sentido da responsabilidade e os valores mencionados no presente documento. Tentando conseguir unha aprendizaxe globalizada, activa, significativa, socializadora, individualizada e afectiva

